



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Centros
Integrados
Formación Profesional

PLAN DE CONTINXENCIA

CIFP ÁNXEL CASAL MONTE ALTO

Curso: 2021-22



Xacobeo 21-22

CIFP ANXEL CASAL – MONTE ALTO
Paseo Marítimo 47, 15002 – A Coruña Tlf. 881960122
cifp.anxel.casal@edu.xunta.es <http://www.cifpanxelcasal.gal>



Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el
programa Erasmus +
de la Unión Europea



Índice

1	PLAN DE CONTINXENCIA.....	2
2	Actuacións previas diante da aparición dun gromo.....	3
3	Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.....	4
4	Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.....	5



1 PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do centro educativo CIFP Ánxel Casal- Monte Alto, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

2 Actuacións previas diante da aparición dun gromo

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco asistirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dunha persoa que desenvolva **síntomas compatibles** con COVID-19 **no centro** educativo, seguirase o protocolo de actuación do centro: seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Levarase a un espazo separado de uso individual, que disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO), e contactarase coa familia ou titores legais, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado, máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu

refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso

3. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na **aplicación informática** a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas indentificadas como contactos.

5. O alumno maior de idade, a familia dun alumno/a menor de idade, ou a persoa do centro con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu médico de familia para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC ou mutua para a valoración polo médico de atención primaria.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19, seguiranse as recomendacións da CSC, sendo posible que teña que **estar illada unha parte do centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade

das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

9. As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente, de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

10. A suspensión da actividade lectiva **presencial** suporá a aplicación das normas previstas no protocolo de adaptación á situación do COVID 19, relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

3 Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

1. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto Covid-19 para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia. O centro establecerá unha planificación horaria (horario espello) de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

2. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

3. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

4. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

5. O **equipo COVID** do centro identificará ao alumnado que teña **dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

6. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos **períodos ordinarios de avaliación** do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

7. Durante o período de **suspensión da actividade presencial** o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Velar polo alumnado con poucos recursos, zonas con mala conexión.
- b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- e) **Coordinar** co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases de retorno.

4 Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

O centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: 2 xornadas lectivas.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: Ata 1 semana

A porcentaxe de ocupación da aula por parte do alumnado de forma simultánea será do 50% .

Obxectivos:

- Revisar co alumnado as medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desta etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 3 xornadas lectivas

Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas preventivas adquiridas.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 2 xornadas lectivas

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado



Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas.

A Coruña, 23 de setembro de 2021

A Dirección

